

D) AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Estudo preliminar.

Isabel Torralba Mena

1.- Agricultura e gandería.

A CE reserva ao Estado en exclusiva, de acordo co artigo 149.1.13^a, a competencia en materia de "bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica". Por outro lado, establece no seu artigo 148.1.7^a que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en materia de "agricultura y ganadería, de acuerdo con la ordenación general de la economía". Esta "ordenación xeral da economía" mencionada no artigo 148.1.7^a CE se identifica coa competencia prevista no artigo 149.1.13^a CE, aludida; ordenación que se proxecta sobre os diferentes sectores económicos (STC 31/2010, do 28 de xuño, FX 84¹), entre os que se encontra o sector agropecuario. En consonancia cos preceptos constitucionais citados, o artigo 30 do EAG determina o seguinte:

"Uno. De acuerdo con las bases y la ordenación de la actuación económica general y la política monetaria del Estado, corresponde a la Comunidad Autónoma gallega, en los términos de lo dispuesto en los artículos treinta y ocho, ciento treinta y uno y ciento cuarenta y nueve, uno, once y trece, de la Constitución la competencia exclusiva de las siguientes materias:

Uno. Fomento y planificación de la actividad económica en Galicia.

Tres. Agricultura y ganadería.

Cuatro. (...). Denominaciones de origen en colaboración con el Estado".

Este marco competencial completouse cos Reais Decretos de traspaso en materia de agricultura e os correspondentes Decretos autonómicos asumindo as funcións e servizos traspasados².

1 Sentenza do Tribunal Constitucional (Pleno) núm. 31/2010, do 28 de xuño, recurso de inconstitucionalidade 8045/2006, interposto por noventa e nove Deputados do Grupo Parlamentario Popular do Congreso en relación con diversos preceptos da Lei Orgánica 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Cataluña (BOE núm. 172, do 16 de xullo de 2010) (ECLI:ES:TC:2010:31): "la competencia general de ordenación de la economía que le reserva el art. 149.1.13 CE se proyecta sobre los diferentes sectores económicos".

2 Sen ánimo de ser exhaustivos:

- Real Decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza (que comprende funcións en materia de montes, mellora de solos agrícolas e forestais, defensa contra incendios forestais e funcións en materia de agricultura de montaña, entre outras).
- Real Decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca.
- Real Decreto 2423/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
- Real Decreto 4189/1982, do 29 de decembro, de traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de denominacións de orixe, viticultura e enoloxía e ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.
- Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza (comprende funcións en materia de montes así como de prevención e loita contra incendios forestais).
- Real Decreto 1124/1985, do 30 de abril, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións traspasadas da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
- Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro sobre traspaso de funcións e servizos en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.
- Real Decreto 92/1996, do 26 de xaneiro, de ampliación dos medios adscritos aos servizos traspasados da Administración del Estado a Galicia en materia de agricultura (FEGA, antigo SENPA), polo que se completan traspasos efectuados con novos medios destinados á xestión de axudas directas procedentes de fondos comunitarios, en particular do FEOGA (sección garantía).

Sobre a relación da competencia estatal exclusiva do artigo 149.1.13ª CE e as competencias autonómicas en materia de agricultura e gandería, o Tribunal Constitucional afirmou (STC 142/2016, do 21 de xullo, FX 3³):

"(...) En el sector agropecuario, como en cualquier otro sector económico, "corresponde al Estado, en virtud de su competencia de ordenación general de la economía, establecer las directrices globales de ordenación y regulación del mercado agropecuario nacional ... quedando reservada a la Comunidad Autónoma la competencia para adoptar, dentro del marco de esas directrices generales, todas aquellas medidas que no resulten contrarias a las mismas, sino complementarias, concurrentes o neutras de tal forma que estando encaminadas a mejorar las estructuras de la agricultura y ganadería propias no supongan interferencia negativa o distorsión de la ordenación general establecida por el Estado, sino más bien que sean coadyuvantes o inocuas para esta ordenación estatal. (STC 158/2011, de 19 de octubre, FJ 8, con cita de la STC 14/1989, de 26 de enero, FJ 3)" [STC 6/2014, de 7 de junio, FJ 5 a)] (...)”⁴.

No que respecta ao alcance do título competencial estatal do artigo 149.1.13ª CE, este título competencial ampara tanto a fixación polo Estado das liñas directrices e os criterios globais de ordenación dun sector concreto como a previsión de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para alcanzar os fins propostos dentro da ordenación de cada sector (STC 142/2016, do 21 de xullo, FX 3⁵). O Tribunal Constitucional recoñece ao Estado a posibilidade de reter *"ciertas capacidades en aquellos aspectos sectoriales de la economía que pudieran ser objeto de competencia exclusiva de las Comunidades Autónomas pero que deben acomodarse a las directrices generales mediante las que aquél fija las bases de la planificación económica y coordina la misma"*; agora ben, subliña que *"dichas facultades de supervisión no pueden suponer en ningún caso que se desfigure un reparto constitucional y estatutario de competencias"*, motivo polo que advirte da necesidade de realizar unha lectura restritiva do artigo 149.1.13ª CE coa finalidade de evitar limitar en exceso ou incluso baleirar as competencias sectoriais autonómicas. Así o Tribunal Constitucional conclúe que para que unha medida económica poida ter cabida no título competencial do artigo 149.1.13ª CE *"es preciso que tenga 'una incidencia directa y significativa sobre la actividad económica general'"*⁶. O Tribunal, desenvolvendo esta doutrina sobre o alcance do título competencial sobre as *"bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica"*, precisou:

· Real decreto 93/1996, do 26 de xaneiro, de ampliación dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura (desenvolvemento rural), mediante os Reais Decretos 2423/1982, do 24 de xullo; 1124/1985, do 30 de abril; 167/1981, do 9 de xaneiro, e 1535/1984, do 20 de xuño.

· Real Decreto 1376/1997, do 29 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos traspasados en materia de agricultura (FEGA) polo Real Decreto 92/1996.

· Decreto autonómico 76/1996, do 29 de febreiro, sobre asunción de servizos transferidos á Comunidade Autónoma mediante Reais decretos 92/1996 e 93/1996, ámbolos dous do 26 de xaneiro, sobre ampliación dos medios adscritos ós servizos traspasados en materia de agricultura (FEGA, antigo SENPA, e desenvolvemento rural), e sobre asignación dos medios asumidos á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

· Decreto autonómico 290/1997, do 9 de outubro, de asunción dos servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 1376/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura, Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), polo Real decreto 92/1996, do 26 de xaneiro, e da asignación dos medios asumidos ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

3 Sentenza do Tribunal Constitucional (Pleno) núm. 142/2016, do 21 de xullo, recurso de inconstitucionalidade 6014/2015, interposto pola Generalitat de Cataluña en relación con diversos preceptos da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria (BOE núm. 196, do 15 de agosto de 2016) (ECLI:ES:TC:2016:142). No mesmo sentido a STC 6/2014, do 27 de xaneiro, FX 5, que inclúe expresamente dentro do sector agropecuario ao subsector lácteo e cita a STC 14/1989, do 26 de xaneiro, FX 3.

4 No mesmo sentido STC 85/2015, do 30 de abril, FX 2: *"La ya citada STC 11/2015, FJ 4, por remisión a la STC 79/1992, de 28 de mayo, FJ 2, ha recordado que "el sector de la agricultura y la ganadería es de aquellos que por su importancia toleran la fijación de líneas directrices y criterios globales de ordenación así como previsiones de acciones o medidas singulares que sean necesarias para alcanzar los fines propuestos dentro de la ordenación de cada sector, destacando que "...en materia de agricultura y ganadería, siendo la competencia específica de las Comunidades Autónomas ... el Estado puede intervenir en virtud de sus competencias generales sobre la ordenación general de la economía."*

5 Sentenza do Tribunal Constitucional (Pleno) núm. 142/2016, do 21 de xullo, xa citada (BOE núm. 196, do 15 de agosto de 2016) (ECLI:ES:TC:2016:142). No mesmo sentido STC 85/2015, do 30 de abril, FX 2.

6 STC 142/2016, do 21 de xullo, FX 2. Tamén a STC 6/2014, do 27 de xaneiro, FX 5 (BOE núm. 48, de 25 de febreiro de 2014) (ECLI:ES:TC:2014:6).

- Que *"debe entenderse que excede de lo básico toda aquella ordenación que, por su minuciosidad y detalle, no deja espacio alguno a la competencia autonómica de desarrollo legislativo, produciéndose, en tal caso, por regla general, un resultado de vulneración competencial que priva a lo presentado como básico de su condición de tal"* (STC 147/1991, de 4 de julio, FJ 4)⁷.

- En relación coa reserva de funcións executivas ao Estado e sobre o uso da supraterritorialidade como criterio determinante da atribución de competencias ao Estado: *"El art. 149.1.13 CE puede en determinados casos justificar la reserva de funciones ejecutivas al Estado y también permitir el uso de la supraterritorialidad como título atributivo de competencias al Estado, pero para que dicho supuesto pueda ser considerado conforme al orden competencial han de cumplirse dos condiciones: que resulte preciso que la actuación de que se trate quede reservada al Estado para garantizar así el cumplimiento de la finalidad de ordenación económica que se persigue, la cual no podría conseguirse sin dicha reserva, y, por otro lado, que el uso del criterio supraterritorial resulte justificado en los términos de nuestra doctrina, esto es, atendiendo tanto a las razones aportadas como a la congruencia de la reserva de la función con el régimen de la norma"* (STC 85/2015, do 30 de abril, FX 4)⁸.

É preciso ter en conta que sobre a materia de agricultura e gandería poden concorrer, ademais do título do artigo 149.1.13^a CE, outros títulos competenciais estatais previstos no artigo 149.1 CE. Isto sucede en particular cos títulos competenciais que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de *"bases y coordinación general de la sanidad"* (artigo 149.1.16^a CE)⁹ así como en materia de *"legislación básica sobre protección del medio ambiente"* (149.1.23^a CE). En exercicio de ambos títulos competenciais ditou o Estado a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Tamén inciden ambos títulos competenciais sobre a materia de explotacións de gando porcino, como analizou o Tribunal Constitucional na súa sentenza 207/2011, do 20 de decembro¹⁰.

Por outra parte, ademais destes dous títulos competenciais e do título do 149.1.13^a CE, podemos distinguir outros títulos dos previstos no artigo 149.1 CE incidindo sobre a materia de protección e benestar dos animais (materia que incide en certos aspectos sobre a de gandería). Esta materia é un *"ámbito de concurrencia competencial de títulos habilitantes diferentes"*, polo que se ve afectada por unha pluralidade de competencias estatais, mencionando o Tribunal Constitucional ao efecto as seguintes: *"arts. 149.1.6, 149.1.8, 149.1.13, 149.1.15, 149.1.16, 149.1.18, 149.1.23 y 149.1.29 CE"*, dado o carácter transversal da política de protección animal¹¹.

7 STC 142/2016, do 21 de xullo, xa citada, FX 3, citando a STC 5/2016, do 21 de xaneiro, FX 4, e, á súa vez, as SSTC 29/1986, do 20 de febreiro, FX 4, 141/2014, do 11 de setembro, e 147/1991, do 4 de xullo, FX 4.

8 STC 85/2015, do 30 de abril, FX 4: *"la centralización estatal de determinadas funciones ejecutivas tan solo, y de forma excepcional, sería válida cuando se acreditara que se convierte en la única vía posible para alcanzar la finalidad de una ley dictada al amparo de un título competencial legítimo"*.

9 En relación coa competencia *"bases y coordinación general de la sanidad"* determina a STC 6/2014, do 27 de xaneiro (BOE núm. 48, do 25 de febreiro de 2014) (ECLI:ES:TC:2014:6), FX 5: *"Es oportuno recordar que, según señalamos en la STC 69/1988, de 19 de abril, "las reglas concernientes a los productos alimenticios pertenecen, en una parte sustancialmente importante, a lo que se estima propio de la sanidad de la alimentación."*

10 STC 207/2011, do 20 de decembro, FX 4 (BOE núm. 9, do 11 de xaneiro de 2012) (ECLI:ES:TC:2011:207): *"Hemos de considerar que, como ya señaló la STC 158/2011, FJ 6, los preceptos impugnados constituyen una regulación sustantiva que incide directamente en las explotaciones de ganado porcino, lo que determina que resulte inmediatamente concernida la competencia exclusiva de la Comunidad Autónoma de Aragón en materia de ganadería (art. 71.17 Estatuto de Autonomía de Aragón 2007). Resulta de ello que, como acontecía en la meritada Sentencia, la cuestión de fondo a dilucidar es si esta competencia autonómica puede resultar limitada por cualquiera de los títulos competenciales del Estado que dan cobertura competencial a los dos reales decretos impugnados (art. 149.1.13, 16 y 23 CE)"*.

11 STC 81/2020, do 15 de xullo, FX 3 (BOE núm. 220, do 15 de agosto de 2020) (ECLI:ES:TC:2020:81). Téñase en conta que, de acordo co artigo 13 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea: *"Al formular y aplicar las políticas de la Unión en materia de agricultura, pesca (...) la Unión y los Estados miembros tendrán plenamente en cuenta las exigencias en materia de bienestar de los animales como seres sensibles, respetando al mismo tiempo las disposiciones legales o administrativas y las costumbres de los Estados miembros relativas, en particular, a ritos religiosos, tradiciones culturales y patrimonio regional"*.

Finalmente, é preciso pechar esta breve referencia ao marco constitucional de distribución de competencias en materia de agricultura e gandería mencionando a Resolución do 1 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se ordenou a publicación do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma. No dito acordo expónse os termos nos que se resolve por vía interpretativa a controversia competencial do Estado e a Comunidade Autónoma galega en relación cos artigos 8, 13, 14, 19, 20, 21, 27, 28, 30, 83-109, 118, 119, 120, 121 e 129-132 da Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia¹².

2.- Breve referencia á Política Agraria Común.

Dada a incidencia do Dereito comunitario sobre esta materia é indispensable ter en conta que, de acordo co Tratado de Funcionamento da Unión Europea (en diante, TFUE), a política de agricultura e pesca é unha política común dos países membros da Unión Europea (artigos 4 e 38 TFUE). Esta política, que se configura como unha política compartida no artigo 4 TFUE, regúlase no título III da parte terceira, dedicada ás políticas e accións internas da Unión, baixo a rúbrica “*agricultura y pesca*”(artigos 38 a 44). Como precisa o artigo 38, o mercado interior abarcará a agricultura, a pesca e o comercio dos produtos agrícolas; produtos nos que se engloban os produtos da terra, da gandería e da pesca así como os produtos de primeira transformación directamente relacionados con aqueles. Deste xeito as referencias á Política Agraria Común comprenden ademais da agricultura, á pesca e a gandería.

De acordo co artigo 39.1 do TFUE, “*los objetivos de la política agrícola común serán:*

- a) incrementar la productividad agrícola, fomentando el progreso técnico, asegurando el desarrollo racional de la producción agrícola, así como el empleo óptimo de los factores de producción, en particular, de la mano de obra;*
- b) garantizar así un nivel de vida equitativo a la población agrícola, en especial, mediante el aumento de la renta individual de los que trabajan en la agricultura;*
- c) estabilizar los mercados;*
- d) garantizar la seguridad de los abastecimientos;*
- e) asegurar al consumidor suministros a precios razonables”.*

A Política Agraria Común finánciase a través de dous fondos englobados no orzamento da Unión Europea: o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), que ofrece axudas directas e financia medidas de mercado; e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), que financia o desenvolvemento rural¹³.

3.- Montes e montes veciñais en mano común.

¹² DOG núm 36 do 22 de febreiro de 2022.

¹³ Artigo 175 TFUE: “*La Unión apoyará asimismo dicha consecución [consecución dos obxectivos enunciados no artigo 174 TFUE, que establece os obxectivos de cohesión económica, social e territorial] a través de la actuación que realiza mediante los fondos con finalidad estructural (Fondo Europeo de Orientación y de Garantía Agrícola, sección «Orientación»; Fondo Social Europeo; Fondo Europeo de Desarrollo Regional), el Banco Europeo de Inversiones y los otros instrumentos financieros existente”.*

A CE reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de *"legislación básica sobre montes, aprovechamientos forestales y vías pecuarias"* (149.1.23^a). Así mesmo establece que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en materia de *"los montes y aprovechamientos forestales"* (148.1.8^a CE). En consonancia con esta distribución competencial, o artigo 27.10 do EAG atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva na materia: *"Montes, aprovechamientos forestales, vías pecuarias y pastos sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 149.1.23 de la Constitución."*

O título competencial estatal do artigo 149.1.23^a *in fine* da CE en materia de lexislación básica sobre montes e aproveitamentos forestais é un título que *"integra una vertiente de protección del medio ambiente"* (STC 97/2013, do 23 de abril, FX 3¹⁴). Pode colisionar, e de feito colisiona, con outros títulos distintos dos específicos (*"en materias como la ordenación del territorio, el urbanismo, el medio ambiente y la ordenación de los recursos forestales existen profundas interacciones"* - STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 5). Nese caso, *"para determinar cuál es la materia y, por tanto, el título competencial de referencia es necesario atender tanto a la finalidad como al contenido de la norma o, dicho de otra forma, a las técnicas legislativas utilizadas para alcanzar dicha finalidad (STC 28/1997, de 13 de febrero, FJ 4)"*¹⁵. O propio Tribunal recoñeceu que a tarefa de deslindar as distintas materias, de acordo coa finalidade predominante da norma, aos efectos de delimitar os distintos títulos competenciais aplicables presenta, en ocasións, elevadas proporcións de convención e artificio (STC 97/2013, do 23 de abril, FX 3, e STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 12).

Sobre o alcance da competencia estatal en materia de lexislación básica sobre montes e aproveitamentos forestais, o Tribunal Constitucional determinou que a competencia estatal do artigo 149.1.23^a, *in fine*, da CE analizada permite ao Estado establecer técnicas de coordinación cando sexa necesario cohonestar o exercicio de varias competencias concorrentes sobre o mesmo espazo físico, como pode suceder en materia de montes, augas, costas, estradas e ferrocarril (STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 9):

"(...) Una de estas técnicas es la denominada "técnica del informe favorable" en términos de la STC 149/1991, de 4 de julio, FJ 4 D b a'), mediante la cual, el ejercicio de las competencias que tienen atribuidas las diferentes administraciones se articula en un único procedimiento en el que el órgano que formalmente tiene atribuida la competencia se encuentra vinculado por el informe de otras Administraciones, aunque, claro está, el condicionamiento de las competencias ajenas solo será legítimo cuando el ejercicio de las propias se mantenga dentro de sus límites. Aunque esta técnica solo es una de las posibles, lo cierto es que ha sido aceptada por este Tribunal en distintas ocasiones, en tanto responde a una regla de racionalización que evita seguir procedimientos separados cuando se trata de armonizar competencias estatales y autonómicas [entre otras, las SSTC 149/1991, de 4 de julio, FFJJ 4 D .b a') y 7 A c); 40/1998, de 18 de febrero, FJ 30; y 151/2003, de 17 de julio, FFJJ 4 y 5 b)](...)"

14 Sentenza do Tribunal Constitucional (pleno) núm. 97/2013, do 23 de abril, recurso de inconstitucionalidade 8020/2006, interposto polo Consello de Goberno da Xunta de Castela e León en relación cos artigos 50.1 e 54 bis da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, na redacción dada pola Lei 10/2006, do 28 de abril (BOE núm. 123, do 23 de maio de 2013) (ECLI:ES:TC:2013:97). No mesmo sentido, a STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 5.

15 Sentenza do Tribunal Constitucional (Pleno) núm. 49/2013, do 28 de febreiro, recurso de inconstitucionalidade 988/2004, interposto polo Consello Executivo da Generalitat de Cataluña en relación con diversos preceptos da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (BOE núm. 73, do 26 de marzo de 2013) (ECLI:ES:TC:2013:49); FX 5.

Neste mesmo sentido, o Tribunal Constitucional determinou que unha previsión estatal dirixida a procurar a colaboración e cooperación interadministrativa no exercicio das respectivas competencias forma parte da lexislación básica, ao ser o principio de colaboración consubstancial ao Estado autonómico e sen que corresponda ao Tribunal determinar nin suxerir cales deben ser as técnicas e instrumentos precisos para dar curso a esa necesaria colaboración entre o Estado e as Comunidades Autónomas (STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 7). Por outra parte, a esixencia de que nas operacións de extinción exista un mando único e un director técnico con formación específica, non excede o ámbito do básico, pois pertence a esa regulación común mínima que o Estado considera necesaria (STC 49/2013, do 28 de febreiro, FX 12).

Finalmente, no que respecta aos montes veciñais en man común, o artigo 27.11 do EAG atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva na materia "*régimen jurídico de los montes vecinales en mano común*". Os montes veciñais en man común son unha institución propia do Dereito Civil de Galicia, se ben o EAG opta por referirse expresamente a eles nun título competencial específico. O Tribunal Constitucional, ao analizar os títulos competenciais que inciden na competencia autonómica sobre os montes veciñais en man común, parte da "*especial ligazón histórica de los montes vecinales en mano común con Galicia [que] se ha traducido en la asunción de la competencia exclusiva sobre los mismos por la Comunidad Autónoma, plasmada en el art. 27.11 de su Estatuto de Autonomía*" (STC 127/1999, do 1 de xullo, FX 4). Agora ben, o feito de que o título competencial do artigo 27.11 EAG se refira expresamente a eles non impide, ao xuízo do Tribunal, "*considerar también los montes vecinales en mano común como una institución propia del Derecho civil de Galicia y, por tanto, su incardinación en la materia "conservación, modificación y desarrollo del Derecho civil gallego" (art. 27.4 del Estatuto de Autonomía), pues así lo acredita su presencia en las distintas Compilaciones del Derecho civil en Galicia y en la vigente Ley 4/1995, de 24 de mayo, de Derecho Civil de Galicia, que en su art. 14 define esta tradicional forma de propiedad de tierras en común, sin perjuicio de remitir su regulación a su legislación específica*". En consecuencia, entende que a Lei autonómica 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, "*constituye una manifestación de modificación y desarrollo del Derecho civil especial de Galicia, que hace posible su crecimiento, reconociendo, de este modo, "no sólo la historicidad y la actual vigencia, sino también la vitalidad hacia el futuro" de la institución (STC 88/1993, fundamento jurídico 3º), por más que en esta materia competencial el Estatuto de Autonomía de Galicia haya desgajado, como título competencial específico, la relativa a montes vecinales en mano común*" (STC 127/1999, do 1 de xullo, FX 4)¹⁶.

Os montes veciñais en man común regúlanse na Lei 13/1989, do 10 de outubro, mais tamén na Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, que lles dedica o capítulo I (Dos montes veciñais en man común) dentro do título VI relativo aos dereitos reais (artigos 56 a 64).

¹⁶ Sentenza do Tribunal Constitucional (Pleno) 127/1999, do 1 de xullo, recurso de inconstitucionalidade 175/1990, promovido polo Presidente do Goberno contra o artigo 10 e a disposición adicional terceira da Lei da Comunidade de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Mano Común (BOE núm. 181, do 30 de xullo de 1999) (ECLI:ES:TC:1999:127).